

## Índices de valor unitario para o comercio exterior. Outubro 2005

### COMUNICADO

### Os prezos das importacións e das exportacións creceron na mesma medida en outubro de 2005

**O índice de prezos das exportacións creceu un 2,9% en outubro de 2005 con respecto ao mesmo mes do ano anterior.**

Os prezos dos bens exportados e expedidos na Comunidade Autónoma de Galicia creceron un 2,9% en outubro de 2005 con respecto a outubro de 2004. Se a serie a corriximos de estacionalidade a variación interanual acadou o mesmo crecemento do 2,9%.

Por destino económico, os prezos dos bens de consumo e os bens intermedios creceron un 1,0% e un 7,6% respectivamente. Pola contra, os prezos dos bens de equipo diminuíron un 3,4%.

**O índice de prezos das importacións tamén creceu un 2,9% en outubro de 2005 con respecto ao mesmo mes do ano anterior.**

Os prezos dos bens importados e introducidos na Comunidade Autónoma de Galicia creceron un 2,9% en outubro de 2005 con respecto a outubro de 2004. Corrixido de estacionalidade o índice de importacións creceu igualmente nun 2,9%.

Por destino económico, os prezos dos bens de consumo e dos bens intermedios creceron un 0,4% e un 5,3% respectivamente, Nembargantes os prezos dos bens de equipo diminuíron un 0,6%.


#### Índices de valor unitario. Outubro 2005. Datos provisionais

|  | Índice | % variación sobre igual período ano anterior |                            |
|--|--------|--|----------------------------|
|  |        | Do mes                                       | Da media do que vai de ano |
| Exportacións/expedicións                   | 99,9   | 2,9%   | 0,1%                       |
| Importacións/introduccións                 | 103,0  | 2,9%   | 3,8%                       |
| <b>Datos corrixidos de estacionalidade</b> |        |  |                            |
| Exportacións/expedicións                   | 98,4   | 2,9%   | 0,1%                       |
| Importacións/introduccións                 | 100,9  | 2,9%   | 3,8%                       |

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior



No seguinte gráfico pódese observar a evolución dos índices de exportación e importación dende 1994.



FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

---

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>  
e-mail: [ige@xunta.es](mailto:ige@xunta.es)